

CIRCO CHOSCO

Riscando o ceo

A COMPAÑÍA

Circo Chosco créase ao coñecérense Ariñe Azkue e Óscar Páez na escola de circo Oreka (Pamplona), na que se formaron durante tres anos. Alí aprenden diferentes técnicas de circo así como malabar, equilibrios, aéreos, clown, interpretación, creación... Despois toman diferentes camiños até que o actor, clown, docente e director Walter Velázquez, lles bota unha man na dirección do espectáculo *Chosco!*

Ariñe Azkue realizou varios cursos de técnicas aéreas, danza, acrobacia e clown na Península, en Italia e máis en Arxentina. Actuou en diferentes festivais de teatro de rúa e diversas galas de circo; traballou con compañías como Oreka Zirko, Zirika Zirkus, Panpinpox... Foi profesora de Técnicas aéreas na Escola Navarra de circo Oreka.

Óscar Páez realiza diferentes cursos de clown, acroportés, danza, e malabar, en diferentes lugares da Península e Arxentina. Formou parte de diferentes compañías de circo como La Banda e Zirko Oreka, ademais de actuar en diferentes festivais de teatro de rúa e galas de Circo. Licenciado en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, foi profesor de Acrobacia e malabar na Universidade Pública de Pamplona.

Circo Chosco veñen de crear o seu segundo espectáculo xuntos, *Forzu2*, e participan en compañías como Cair e Pistacatro.

O ESPECTÁCULO

Riscando o ceo lévanos a un mundo onde o circo aparece en forma de humor, maxia, risco, malabar, acrobacias, e equilibrios imposibles. Un ton absurdo e reflexivo que fai que nos reformulemos o esencial das cousas. Inspirado no increíble mundo d'*O Principiño*, *Riscando o ceo* é un espectáculo próximo e moi visual que fai que o público viaxe no risco e no humor. Un espectáculo de circo que emocionará a todos os públicos a través dun clown que nos fará ver as cousas do revés... Porque "o esencial é invisible aos ollos. Só se ve ben co corazón" (Antoine de Saint-Exupery, *O principiño*).



FICHA ARTÍSTICA

Elenco: Óscar Páez

Dirección: Circo chosco

Xéneros: clown, acrobacia, malabar, maxia, equilibrios

Duración: 45 minutos

Público: familiar

Tipo espectáculo: Circo e clown

[+ info](#) [▶ ver vídeo](#)

